

O PSdeG de Antas preguntará no vindeiro pleno polas "continuas deficiencias" no alumado público do Concello

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Os socialistas lembran que xa denunciaron nas alegacións ás contas municipais "a pésima xestión e as carencias", neste tema, que "volveron a deixar a imaxe do Concello polo chan" co apagón durante a Festa da Xuventude

O PSdeG de Antas critica que o goberno local "permite estas deficiencias" mentres declinou sumarse ao clube das renovables da Deputación e rexeitou sumarse ao plan enerxético que "suporía un 20% de aforro"

O PSdeG de Antas preguntará no vindeiro pleno municipal polas "continuas deficiencias" no alumado público do Concello, despois do apagón que deixou a metade das rúas sen luz durante a celebración da Festa da Xuventude "cos riscos de seguridade e a perda de ingresos da hostalería que isto supón, ademais de deixar a imaxe do Concello polo chan nunha festa que congrega moita xente". A voceira socialista, Pilar García Porto, lembra que xa denunciaron "a pésima xestión e as carencias" neste tema nas alegacións ás contas municipais de 2011.

García Porto sinala que nas contas do Concello hai unha partida de case 24.000 euros en gastos para o alumado con contratos de man de obra e compra de materiais "dos que non está especificada a finalidade nin o destino destes cartos", e apunta que xa hai un empregado municipal dedicado a estes temas. A socialista critica que "hai unha instalación eléctrica moi deteriorada, con farolas estropeadas ou cadros de luz expostos á xente en moitas zonas", e que xa é habitual que as rúas Miguel Ángel Blanco, General Portomeñe, Santa Mariña ou a Rúa Nueva queden sen luz sobre todo en época de festas no municipio.

O grupo socialista critica asimesmo que "os responsables municipais, algúns deles presentes na Festa da Xuventude, non deron resposta nin actuaron para resolver a incidencia". Ademais, García Porto reslata que o goberno local "permite estas deficiencias" mentres rexeita mellorar e modernizar o alumado, xa que "declinou sumarse ao clube das renovables da Deputación e rexeitou sumarse ao plan enerxético que suporía un 20% de aforro", nos gastos de luz.

Lugo, 2 de abril de 2013